



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

ALBA CASTRO, JOSÉ LUÍS
ALBERTE PIVIDA, RODRIGO
ALLEGUE AGUETE, PILAR
ANDRÉS IGLESIAS, JESÚS
BAJO PALACIO, IGNACIO
BARREIRO ALONSO, ENRIQUE
BASALO DOMÍNGUEZ, DAVID
BERGANTIÑO CID, GUSTAVO
BLANCO SIERRA, JAVIER
CARBALLO GLEZ., M^a DE LOS ÁNGELES
CARIDE ÁLVAREZ, CELSO
CARRILLO PÉREZ ROSALÍA
CEBRO BARREIRO, SABELA
CEBRO RODRÍGUEZ, XOÁN MANUEL
CID FERNÁNDEZ, XOSÉ MANUEL
CONDE CASAS, SOFÍA
CORBACHO VALENCIA, JUAN MANUEL
COSTA GONZÁLEZ, ALICIA
CUEVAS ALONSO, MIGUEL
DE OCA CANCELA, GUILLERMO
DÍAZ PEREIRA, M^a DEL PINO
DOPICO CASTRO, MARCOS
DURÁN VÁZQUEZ, JOSÉ FRANCISCO
FARIÑA RODRÍGUEZ, JOSÉ
FERNÁNDEZ ACEVEDO, RAFAEL
FERNÁNDEZ ALVARADO, HADRIÁN
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, ANTÓN LOIS
FERNÁNDEZ ARAÚJO, IVÁN
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO A.
FERNÁNDEZ FUSTES, M^a DOLORES
FERNÁNDEZ JAUREGUI, MANUEL
FERNÁNDEZ RIVEROLA, FLORENTINO
FERREIRO VÁZQUEZ, ÓSCAR
FORTES NOVOA, BRAIS
FRAIZ BREA, JOSÉ ANTONIO
FRANCO MATILLA, MARÍA INMACULADA
GÁNDARA PÉREZ, JOSÉ ANTONIO
GARCÍA ESTÉVEZ, JOSÉ MANUEL
GARCÍA GONZÁLEZ, MARTA
GARCÍA GONZÁLEZ, SILVIA
GARCÍA SEÑORÁN, M^a DEL MAR
GARCÍA SOIDÁN, JOSÉ LUÍS
GARCÍA-PINTOS ESCUDER, ADELA
GIL VILLANUEVA, JOSÉ M^a
GÓMEZ MEIRE, SILVANA
GÓMEZ RODRÍGUEZ, ALMA MARÍA
GONZÁLEZ SANTAMARÍA, PEDRO
GONZÁLEZ VARELA, LUÍS
GRAÑA RODRÍGUEZ, ANA MARÍA
IGLESIAS BLANCO, RAÚL
LLAMAS NISTAL, MARTÍN
LÓPEZ PERIAGO, JOSÉ EUGENIO
LÓPEZ RUBIANES, LUCRECIA M^a
LOUZA CARREIRA, ALEXANDRE
LUGO LATAS, LUÍS
MANDADO VÁZQUEZ, ALFONSO
MARTÍNEZ MARTÍN, M^a JOSÉ
MATO DE LA IGLESIA, SALUSTIANO
MAYOBRE RODRÍGUEZ, PURIFICACIÓN
MOLLINEDO LOIS, CARLOS
NOVOA FERNÁNDEZ, YOLANDA
OTERO CERDEIRA, LORENA
PATIÑO CAMBEIRO, FAUSTINO
PATO RODRÍGUEZ, SANTIAGO EDUARDO
PEÑA GALLEGU, ÁNGELES
PÉREZ COTA, MANUEL
PÉREZ GÓMEZ, LUÍS
POU SARACHO, JUAN MARÍA
QUINTÁNS GRAÑA, CAMILO

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 1 de xullo de dous mil quince, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda no Salón de actos “Marie Curie” do Edificio Politécnico do Campus de Ourense.

O día **1 de xullo de 2015**, ás 10:50 h, celebrouse a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 9 de decembro de 2014.
2. Informe do reitor.
3. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2014.
4. Aprobación, se procede, da creación da Escola de Enxeñaría Aeroespacial.
5. Informe sobre a proposta da nova titulación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.
6. Creación, se procede, da comisión específica do Claustro Universitario para a elaboración do Plan Estratégico.
7. Informe sobre a situación dos distintos colectivos de profesorado diante do marco lexislativo actual.
8. Informe sobre a situación da PDAI e recoñecementos docentes.
9. Moción para a potenciación do uso do galego na Universidade de Vigo.
10. Posicionamento do Claustro para promover na Universidade de Vigo a recuperación das figuras femininas na ciencia e na cultura.
11. Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:
 - a. Sector Decanos-as/Directores-as: 2
 - b. Sector Estudiantes: 1
12. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
 - a. Sector PDI-A: 2
 - b. Sector PDI-B: 2
13. Elección dos seguintes representantes na Comisión Electoral:
 - a. Sector Estudiantes: 1
14. Rogos e preguntas.

RAMALLO FERNÁNDEZ, FERNANDO
REIGOSA ROGER, MANUEL JOAQUÍN
RIOS SANTOMÉ, MARÍA JOSÉ
RIVAS CONDE, FILEMÓN
RODRÍGUEZ BARCIA, SUSANA
RODRÍGUEZ GALLARDO, ÁNGEL
RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, FCO. JAVIER
RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, VIRGILIO
SANCHEZ MOREIRAS, ADELA M.
SANTALLA DEL RÍO, VERÓNICA
SANTOS REYES, VALENTÍN
SIOTA ÁLVAREZ, MÓNICA
TORRES ROMAY, EMMA
TUGORES MARTORELL, FRANCISCO
VALERO GUTIÉRREZ DEL OLMO, ENRIQUE
VAQUERO DÍAZ, M^a BEATRIZ
VELASCO GRAÑA, M^a RITA
ZAS VARELA, MÓNICA

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

ARIAS ACUÑA, ALBERTO MARCOS
BUENO ALONSO, JORGE LUIS
BURGHARD BALTRUSCH
CASTRO CERCEDA, M^a LUISA
COELLO PULIDO, ÁNGELA
COSTAS GONZÁLEZ, XOSÉ HENRIQUE
COUÑAGO MÉNDEZ, PRÁXEDES
CUIÑAS GÓMEZ, IÑIGO
FÁLAGAN MOTA, JORGE
FERNÁNDEZ DOCAMPO, MARÍA BELÉN
FERNÁNDEZ PINTELOS, MARÍA JOSÉ
FERRO SOTO, CARLOS
GUTIÉRREZ SÁNCHEZ, ÁGUEDA
IGLESIAS BRIONES, MARÍA JESÚS
LANTARÓN CAEIRO, EVA M^a
LOVEIRA PAZÓ, ROSA M^a
MACÍAS CAMBRA, HENRIQUE
MEANA MARTÍNEZ, JUAN CARLOS
PENA URIS, GLORIA M.
PÉREZ RODRÍGUEZ, M^a ROSA
PRIETO JIMÉNEZ, INMACULADA
REY LOSADA, FRANCISCO JESÚS
RODRÍGUEZ DE PRADO, FRANCISCO
RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, ROSALÍA
SIEIRO VÁZQUEZ, CARMEN
VÁZQUEZ DORRÍO, JOSÉ BENITO
VILA ALONSO, MERCEDES

Con carácter previo, o reitor informa dos seguintes acordos adoptados pola Mesa do Claustro ao inicio da sesión:

1. Ante a ausencia da secretaria xeral, actuará como secretaria Dna. Adela M. Sánchez Moreiras.
2. O proceso electoral levarase a cabo dende o inicio da sesión do Claustro, cun receso de 15 min, para que os membros da Mesa e os claustrais que non votaron o podan facer.
3. Retírase a candidatura do alumno, Ángel Álvarez Moreira, para representante no Consello de Goberno polo sector estudantes, polo que non haberá votación nese punto.
4. Ordenaranse alfabeticamente os pedimentos de palabra de acordo co establecido no artigo 16 do Regulamento do Claustro; procedeuse a sortear a letra, sendo a letra sorteada de inicio de intervencións o H.
5. Acórdase dar 5 min. para a primeira intervención e 2 min. para a segunda.
6. Presentada petición por parte da prensa de realizar unha foto de familia durante o receso. Apróbbase.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 9 de decembro de 2014.

Alegación do profesor Rodríguez Gallardo a unha das súas intervencións: onde di “que se traslade a dita comisión a resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, 198/2014, que obriga a publicar un baremo eliminando o carácter potestativo da arbitrariedade técnica” debe dicir “que se traslade a dita comisión a resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, 198/2014, que obriga a cumprir un baremo eliminando o carácter potestativo da arbitrariedade técnica”.

Apróbbase a acta coa alegación.

Punto 2. Informe do reitor.

O reitor comeza a súa intervención explicando a non convocatoria do Claustro que tiña que ser en marzo, alegando que se estaba a agardar pola aprobación da Escola e o Grao de Enxeñaría Aeroespacial, co fin de que foran aprobados no primeiro Claustro que se convocara. Informa tamén de que haberá un novo Claustro a finais de setembro/outubro e outro en decembro.

O reitor informa acerca do uso das listas de correo, polas queixas no seu funcionamento, e di que se fixeron actuacións de carácter técnico. A lista de correo de comunidade é un foro de libre expresión e non ten cabida a moderación, pero só se permitirán contas de correo de uvigo.es. Na lista de avisos non se permitirá o envío directo e xa se está a facer a través dunha aplicación particular. Nas listas de PAS e PDI hai que estar suscrito, polo que só teñen acceso os/as PAS e os/as PDI.

Informe sobre a Comisión de Estatutos: está a haber unha reunión plenaria cada mes e xa empezou o grupo de traballo do título 2, que ten que ver coa estrutura e funcionamento da Universidade. O borrador

someterase ao plenario. Xa están case acabados o título preliminar, o de réxime económico e o da reforma dos Estatutos. Despois da aprobación do borrador farase unha presentación pública a toda a comunidade coa posibilidade de presentar emendas, aportar ideas, suxestións, etc. e despois pasarase ao período de emendas dos claustrais. En paralelo hai un grupo de traballo entre a Vicerreitoría de Estudiantes e a delegación de alumnos traballando nun documento sobre o TFG, que se presentará no Consello de Goberno de xullo, e sobre a modificación da normativa de permanencia, que se presentará en outono.

Intervén o profesor Gallardo en referencia ao uso das listas de correo para dicir que hai un grupo de gobernados/as que entendeu que se estaba a producir un uso irregular das listas de correo e promoveu que se utilizaran de xeito distinto para evitar o envío de mensaxes cunha linguaxe vexatoria e sexista contra distintos/as membros da comunidade, especialmente contra as mulleres. Di que hai unha norma do ano 2006 aprobada en Consello de Goberno respecto ao uso das listas de correo na que se di que a responsabilidade do seu uso é da Universidade de Vigo, e que houbo unha vulneración flagrante da normativa desde hai anos que deixou na indefensión a membros da comunidade universitaria. Informa de que a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo fixo unha carta dirixida ao reitor na que expresa a súa queixa pola inacción da Universidade diante de mensaxes e ataques absolutamente sexistas e misóxinos. O profesor Gallardo pregunta, despois de todas estas manifestacións públicas, cal vai ser o mecanismo de funcionamento da Universidade.

O reitor contesta que cando se acordou crear a lista de comunidade, fíxose cun acordo de libre expresión e que o reitor non se vai converter nun censor. Se alguén fai un uso inadecuado actúase sometendo esas denuncias aos servizos xurídicos da Universidade e, en función dos seus informes, emítese unha resposta. O reitor di que se actuou a través da Unidade de Igualdade e se instou á persoa responsable a que non volvera a comportarse dese xeito por medio dunha instancia do propio reitor. Di que se os claustrais consideran que a lista de correo de comunidade debería de estar moderada, que se debata.

Intervén Xan Cebro para dicir que a Xunta de Persoal presentou unha denuncia contra algúns membros da comunidade universitaria polas gravísimas acusacións verquidas contra funcionarios desta Universidade, acerca de supostas filtracións e de impedir ás mulleres a utilización do servizo no que traballa ese funcionario, e que se solicitou que o reitor tomara as medidas disciplinarias pertinentes contra esas persoas, pero que aínda non tiveron resposta. O reitor informa de que as denuncias sométense a informe xurídico a través da Secretaría Xeral e que todas se responden. Di que vai investigar como está o trámite desa denuncia e informará.

Punto 3. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2014.

O presidente do Tribunal de Garantías dá conta das actividades levadas a cabo ao longo do ano 2014 alertando do incremento de denuncias, como o acoso laboral, os conflitos interpersoais, as mensaxes discriminatorias nas listas etc, a través dun informe que figura como **Anexo I** da presente acta.

Punto 4. Aprobación, se procede, da creación da Escola de Enxeñaría Aeroespacial.

Intervén a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, en nome da secretaria xeral, para informar de que a memoria estivo en exposición pública e se presentaron tres grupos de alegacións: unha respecto do título; unha auto-emenda da Xunta de Titulación, para corrixir algunhas cousas da memoria; e unha por parte da Vicerreitoría de Profesorado, co fin de que coincida o que figura na memoria do grao co que se propón para esta titulación. No futuro haberá que revisar de novo esta memoria e será tratada no Consello de Goberno de xullo.

A primeira alegación é do profesor Claudio Cerdeiriña, fai referencia ao título, proponendo que pase a chamarse Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, xa que a escola pode albergar máis graos no futuro, o que se acepta como un cambio positivo. A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado informa de que se lle encomendará á Xunta de Titulación que faga as valoracións económicas oportunas sobre o plan de estudos que se vai aprobar finalmente, aínda que se se aproba a implantación desta titulación por parte da

Xunta de Galicia haberá unha financiación específica, ao estar incluída no plan estratéxico do sector aeronáutico.

Intervén o profesor Pou Saracho para dicir que está de acordo co cambio do nome e a creación da escola, pero pide que no futuro se fagan antes as contas, para saber canto vai custar. Di que ten que facelas a Xunta de Titulación, porque é o órgano de a Universidade de Vigo que mellor coñece as necesidades da titulación. A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado contesta que a memoria que se aprobará no Consello de Goberno vai incluír unha memoria xustificativa e outra económica, que non se presentan no Claustro porque só se está a aprobar a creación da escola.

Intervén o alumno Luis González Varela para solicitar que se inclúa de maneira específica na acta do presente Claustro o compromiso de dotar á nova Escola de Enxeñaría de equipamentos, espazos e recursos humanos e económicos propios. Di que aínda que está implícito quere que quede explícito. Engádesse o compromiso explícito á aprobación da creación da Escola de Enxeñaría Aeroespacial.

Apróbase a creación do centro por asentimento.

Punto 5. Informe sobre a proposta da nova titulación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

Convídase ao presidente da Xunta de Titulación, Jose Antonio Vilán Vilán, quen informa sobre a idoneidade da implantación do grao a través dunha presentación que vai adxunta á acta como **Anexo II**.

O reitor agradece a todos/as os/as que participaron na Xunta de Titulación e aos/ás representantes de estudantes e PAS, así como aos/ás expertos/as externos/as a súa disposición na elaboración desta memoria. O reitor pide informe favorable, o cal se aproba.

Punto 6. Creación, se procede, da comisión específica do Claustro Universitario para a elaboración do Plan Estratéxico.

O reitor dálle a palabra ao comisionado para o Plan estratéxico, Xavier Martínez Cobas, quen informa de que o informe terá que estar harmonizado co financiamento que imos ter ata 2020 e que aínda que no Claustro nunca se tratou, decidiuse que se debaterá para aumentar as competencias do Claustro. Infórmase da necesidade de crear unha comisión que xestione a creación do novo plan estratéxico para consensuar as ideas fundamentais xa ancoradas no primeiro, e que sexa de consenso, polo que se propón un grupo de traballo que dependa do Claustro e que teña unha estrutura semellante á da comisión que está a elaborar os novos Estatutos.

Apróbase que se faga a elección da comisión no vindeiro Claustro.

Punto 7. Informe sobre a situación dos distintos colectivos de profesorado diante do marco legislativo actual.

O reitor informa de que a Mesa do Claustro considerou necesario incluílo como punto da orde do día pola situación actual da nova lexislación de orzamentos que encorseta cada vez máis a autonomía universitaria. Dálle a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen informa de que as prazas fixas e funcionarias están restrinxidas á taxa de reposición, que para o 2015 é do 50%, isto é, na Universidade de Vigo pódense convocar 8 prazas, das que o 15% teñen que dirixirse a contratados Ramón y Cajal.

A vicerreitora informa de que se tratou na mesa de negociación de PDI o reparto desas 8 prazas e que os sindicatos non se pronunciaron, polo que se convocará a mesa de novo a semana que ven unha vez que se constituía a nova mesa de PDI. Se se retrasa demasiado constituirase a mesa anterior. A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado informa de que, segundo a lei de orzamentos, pódense convocar prazas por necesidades urxentes e inaprazables, para o que se precisa unha autorización expresa da Xunta de Galicia, indicando cales son as condicións nas que se poden solicitar esas prazas (circular conxunta do 31 de

marzo de 2015): asociado, axudante e axudante doutor. As de listas de agarda só servirán para cubrir a ausencia de profesorado con reserva de posto. As de interino só se poden convocar se se vai empregar a taxa de reposición para a saídas das mesmas.

A Xunta de Galicia solicita ademais documentación adicional para a aprobación das prazas solicitadas (POD dos departamentos implicados, afinidades de áreas de coñecemento, recoñecementos docentes, estabilidade orzamentaria, cumprimento do Decreto Wert, cadro completo do persoal, etc). A vicerreitora informa de que este ano solicitáronse 32 prazas de asociados, 10 de lista de agarda, 1 de axudante, 6 de axudante doutor (AD) e 10 de contratado doutor interino (CDI). O equipo de goberno defende a estabilización e aceptará como propia calquera proposta que saia dos representantes sindicais.

Informa tamén que as prazas permanentes correspondentes á taxa de reposición poden saír como profesores CD, TU ou CU. Neste momento hai 37 CD interinos e 10 AD que rematan contrato este ano e que poderían optar á taxa de reposición. Informa de que o 8 maio, o 4 de xuño e o 11 de xuño tivo reunións co colectivo de AD onde se lles informou de que, fronte á imposibilidade de convocar prazas de CD, interino ou non, íase preparar un contrato de intensificación investigadora para eles/as. Nesas reunións tamén se lles informou de todas as condicións do contrato, excepto da remuneración.

No Consello de Goberno do 23 de xuño incluíuse como punto na orde do día a aprobación dos devanditos contratos xa que se aprobara por unanimidade na comisión de investigación, pero os AD pediron a retirada do punto e decidiuse adialo. O 29 de xuño convocouse unha nova reunión co colectivo de AD e decidiuse establecer un compromiso de oportunidade de consolidación futura para todas as persoas que se atopen nestes momentos nesa situación, e levalo ao vindeiro Consello de Goberno.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado informa sobre o novo Programa de retención de talento investigador. Di que hai 3 persoas contratadas Ramón y Cajal para as que se solicitou unha prórroga da que aínda non hai resposta. A Consellería de Facenda dixo que probablemente nos vindeiros días chegaría a autorización. Se a resposta non é positiva poderán manterse contratadas na Universidade de Vigo a través do programa de retención de talento investigador.

Iníciáanse as intervencións:

O profesor Reigosa Roger di que a imaxe que hai dos funcionarios dende o exterior é que somos uns vagos, que hai demasiados, etc. A idea da poboación española é similar ao que se escoita na radio e na televisión, e esta morea de normas que impide a creación de prazas e demais está pensada dende o principio para formar parte do discurso dominante. En primeiro lugar o Reitor e a universidade teñen que opoñerse o máis posible, pero ademais, teñen que facer algún sinal público de cara á sociedade para facer máis pedagogía coa poboación e facerlle ver que, cando se fala de adelgazar a universidade pública o que se fai é eliminar profesores, que son necesarios. En segundo lugar hai que facer máis pedagogía interna, aínda que recoñece que despois de escoitar á vicerreitora dáse de conta de que nas xuntanzas cos AD fluíu a información e que as solucións parecen boas para os dous colectivos, pero hai que informar á comunidade para facerlle ver que é así.

O profesor Reigosa di que na Comisión de Investigación, á cal pertence, acordouse levar un compromiso de promoción que recolla as inxerencias dos colectivos respecto da súa futura estabilización para a súa aprobación no Consello de Goberno, polo que se aprobou por unanimidade. En terceiro lugar, a única pata que falta é ter un bo cadro de persoal para que se poda planificar e desenvolver unha carreira docente equilibrada nos distintos ámbitos.

O profesor Rodríguez Gallardo di que está de acordo co que dixo o profesor Reigosa sobre a necesidade de sinais públicos, e que a ausencia dun pronunciamento da comunidade universitaria sobre a represión económica, laboral e moral que está producindo a crise é un erro e, por iso, os sinais públicos son necesarios. Informa de que houbo un comité de empresa de Pontevedra no que se acordou pronunciarse de maneira inequívoca primando a estabilización por riba da promoción e que a taxa de reposición dos vindeiros anos debería estar dispoñible para os CDI e os AD. Como representante de STEG, informa de que este sindicato pronunciouse tamén nesta liña de xeito claro. O profesor Rodríguez Gallardo di que a taxa de reposición veu

para quedarse, polo que aínda que nuns anos o escenario sexa outro vai ser moi complicado que se volva ao que tiñamos antes da implantación da mesma polo proceso de desfuncionarización que hai a nivel europeo. Di que STEG está a favor de crear marcos que equilibren o funcionamento descompensado dos ámbitos e colectivos.

Pregunta tamén á vicerreitora por que hai dúas universidades sen implantar o decreto Wert, se é algo que pide a Xunta de Galicia para a aprobación das prazas. Di que é importante sábelo, porque a súa aplicación na Universidade de Vigo foi o grande erro dende o punto de vista dos dereitos laborais do PDI. Sobre a Lei da Ciencia pide que se consulte aos/ás membros da comunidade universitaria porque temos moitas ideas que aportar. O profesor Gallardo di tamén que hai que incluír no colectivo de PDI laboral á xente contratada con cargo aos proxectos de investigación, porque na Universidade de Vigo hai xente que leva 8-10 anos contratada deste xeito e que están desprotexidos dende o punto de vista laboral e sindical. Invita ao reitor a que vaia a pé de obra para que coñeza a situación destes colectivos.

O profesor Fernández Álvarez pregunta á vicerreitora de Profesorado como é posible que despois de 4 sentenzas xudiciais, que declaran como fraudulentos os contratos dos profesores asociados, non fai ningunha referencia aos mesmos, nin explique que se vai facer ao respecto, xa que outras universidades non están a aplicar este tipo de contratos fraudulentos. Pregunta por que hai unha persecución sistemática do colectivo de profesores asociados, que se reflicte na exclusión dos mesmos da promoción académica, na ausencia de produción científica, das dietas intercampus, ou a súa exclusión como persoal para os proxectos. Pregunta tamén, cando se van asinar os contratos do vindeiro curso. Quere saber, por último, cando se vai convocar a constitución dos novos comités de empresa de PDI laboral.

Intervén o profesor González Santamaría para preguntarlle á vicerreitora por que non falou do colectivo de profesores asociados, se tamén precisan unha folla de ruta como o resto dos colectivos e di que a desconexión do equipo de goberno e os distintos colectivos non se debería de producir. Di que se está a xogar coa dignidade, que non se pode vivir na interinidade toda a vida e que a universidade ten un certo marxe de manobra que non está empregando con toda a intensidade que se requiriría, polo que pide unha declaración rotunda e inequívoca sobre o posicionamento da Universidade e que agarda que esa sexa a nova que saia mañá nos periódicos cando se fale do acontecido no Claustro. Opina que o programa de retención de talento ten que estar aberto a todas as áreas e colectivos e non só a algúns específicos.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado resposta ás distintas intervencións: di que concorda coa análise do Prof. Reigosa porque hai que facer un esforzo para explicarmos, non só o equipo de goberno senón tódolos membros da comunidade universitaria pero que as normas son as que son e internamente estase a trasladar este feito. Di que concorda con que hai que facer o cadro teórico de persoal. Di que cando foi a aprobación do Decreto Wert a Universidade de Vigo fixo diversos manifestos en contra do mesmo, tanto soa como en colaboración, pero hai que conseguir que eses pronunciamentos sexan efectivos.

A vicerreitora contesta ao profesor Rodríguez Gallardo que está de acordo en que a taxa de reposición pode que veña para quedarse, pero non está de acordo con que as universidades do SUG non cumpran o decreto Wert, xa que por exemplo a da Coruña cumpre en categorías intermedias, cunha lista moi xenerosa de descontos, pero que só se aplicarán se non duplican contratación. Di que hai que ver todo en conxunto. Sobre os contratados/as con cargo a proxectos de investigación di que é responsabilidade dos sindicatos, que cando foron as negociacións do convenio colectivo non quixeron incluílos/as nel. Di que este ano fixéronse 800 diferentes contratos dese tipo polo que antes de decidir que imos facer con esas persoas hai que pensar nos distintos tipos de contratación.

A vicerreitora contesta ao profesor Fernández Álvarez que a universidade cumpre as sentenzas firmes e non hai un ataque sistemático contra os asociados. Di que subsanouse o erro e foron incluídos na produción científica, o mesmo que coas dietas intercampus, pero que a universidade non ten capacidade para decidir sobre os proxectos. Informa tamén de que os novos contratos vanse asinar esta mesma semana.

A vicerreitora contesta ao profesor Pedro Santamaría que ela falou de todos os colectivos.

Ábrese unha quenda de réplica:

O profesor Reigosa di que non dixo nada sobre o compromiso de estabilización dos colectivos de laboral que se ven afectados pola lei de orzamentos. A vicerreitora contéstalle que o compromiso vaise facer para todos os colectivos que se atopan cunhas condicións distintas das que tiñan ao asinar o contrato.

O profesor Gallardo discrepa sobre a aplicación do decreto Wert noutras universidades e pregunta se hai un formulario específico que teñan que cubrir para demostrar á Xunta que se cumpre o Decreto Wert. Tamén di que hai que falar coa comunidade universitaria tantas veces como sexa necesario, tamén coa representación sindical porque é a única maneira de abrir outros marcos de confianza nunha universidade que xa ten a maioría de idade, e que nesa liña a vicerreitora debería informar ao Claustro que se vai facer coa taxa de reposición. O profesor Gallardo di que os contratados con cargo a proxecto deberían ter dereito a falar, e hai que falar de que se vai facer con eles. A vicerreitora contéstalle que o equipo de goberno prefire estabilizar antes que promocionar, pero que asumirá como súa calquera proposta feita polos sindicatos. Tamén lle di que para probar a aplicación do Decreto Wert envíáselle á Xunta o documento onde están aprobados os recoñecementos.

O profesor Fernández Álvarez reitera que se están a facer contratos fraudulentos aos asociados, esixe unha responsabilidade política e pide que se dea unha explicación no Claustro sobre os mesmos. Pregunta de novo tamén sobre o retraso na convocatoria para constituír os novos comités de empresa. A vicerreitora lémbrolla que as sentenzas aínda non son firmes. En referencia á convocatoria dos comités, di que os novos membros do comité elixidos teñen que ser publicados de xeito definitivo pola Xunta de Galicia, e agarda que estean a semana que ven.

Intervén Pedro Santamaría para dicir que o profesorado asociado é profesorado de profesión. Pide que os contratos se fagan canto antes e que a remuneración e duración cumpra a lei; e que sexan de un ano, non 10 ou 11 meses.

Intervén o reitor para dicir que recolle o guante de facer máis pedagogía externa e interna, pero que hai unha deriva dos medios para recoller só o que lles importa, sobre todo o relacionado coa parte económica. Di que de feito leva meses denunciando a situación actual á que nos abocan os recortes, que se aprobou un plan para conxelar as taxas e que seguirá loitando para suprimir a taxa de reposición. Informa de que Carmen Vela está facendo un plan para pasar do 50% ao 100% da taxa de reposición, pero que debe retornar á autonomía universitaria. O reitor agradece todas as ideas que se fagan sobre a Lei da Ciencia, sempre que teñan seguridade laboral e xurídica e tamén di que se van facer máis reunións co colectivo de AD para favorecer o entendemento.

Punto 8. Informe sobre a situación da PDAI e recoñecementos docentes.

O reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen informa de que se quere elaborar un documento que recolla toda a actividade do PDI. Di que a vicerreitora anterior conformou unha comisión na mesa de PDI para tratar este tema e poñer en valor as actividades docentes, de transferencia e investigación e de xestión do PDI. Hai actividades que se poden medir cun criterio obxectivo, pero hai outras intermedias ou subxectivas e hai que asignar un número de horas a cada unha delas (ata un total de 1664 horas). A vicerreitora di que nesa “mini-comisión” creada polos sindicatos e a vicerreitoría, os sindicatos decidiron non asignar horas porque ao parecer o entendían como un procedemento de control e non de comunicación, que é o que é. Por iso vaise presentar unha nova proposta, primeiro na mesa de negociación e despois fálase cos/coas decanos/as, directores/as de centro e departamento, levarase de novo á mesa de negociación antes de levala á COAP e ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado presenta distintos modelos potenciais (ver presentación adxunta a esta acta como **Anexo III**) para a elaboración da nova proposta e di que aínda que calquera deles é posible hai que ter en conta que as horas de recoñecemento son limitadas, polo que independentemente do modelo elixido hai que decidir onde se vai limitar. Di que está previsto que o proceso de elaboración e aprobación remate en 6 meses.

Intervencións: intervén o profesor Reigosa para dicir que é normal que haxa dúbidas sobre o papel do PDAI, que el aínda non ten claro cal é o obxectivo do mesmo para a Universidade, e que é importante escapar dos aspectos negativos. Pide que se informe ao PDI de por que se modifican os recoñecementos e cal vai ser a súa repercusión.

O profesor Rodríguez Gallardo coincide co profesor Reigosa en que hai que ter claro o obxectivo, xa que este é o cerne dos nosos dereitos laborais e non se explica ben nin interna nin externamente, o cal é unha labor do equipo de goberno, e que aínda que é moi difícil de explicar socialmente hai que facelo para que non exista ese malestar. Informa, ademais, de que no comité de empresa renunciouse a facer propostas ao documento, porque primeiro hai que establecer un marco onde se sintan identificados todos os colectivos de PDI. Manifesta o seu escepticismo sobre o mesmo.

O estudante Álvarez Moreira reflexiona que todo docente da Universidade é PDI, pero que se non ten que investigar entón só é PD.

O reitor intervén para dicir que a PDAI quere facerse, en primeiro lugar, para facer unha campaña de pedagogía externa para defender o traballo da Universidade fronte á opinión social e as intencións do tribunal de contas, porque o que está a mirar é o POD, non as contas, pero tamén, en segundo lugar, de pedagogía interna. Di que non se quere caer na cuantificación estrita, senón facer unha especie de acreditación. Haberá épocas nas que haberá máis docencia, ou investigación, ou xestión, porque trátase de facer un documento dinámico e queren que o fagamos entre todos. Di que moitas veces as asimetrías son resultado da mobilidade do profesorado e das dinámicas da demografía, que non son culpa de ningún.

A vicerreitora di que non pode ser que cada ano se incremente o número de recoñecementos docentes porque non é nin viable nin asumible. Responde a Álvarez Moreira que sempre houbo figuras na universidade sen obriga investigadora, como por exemplo os profesores titulares de escola universitaria.

Punto 9. Moción para a potenciación do uso do galego na Universidade de Vigo.

O reitor informa de que é unha proposta feita polo sector de estudantes e dálle a palabra ao Director da Área de Normalización Lingüística, quen le un comunicado para ser aprobado polo Claustro (**Anexo IV**).

Intervén o estudante Alexandre Louzao para dicir que hai moi pouco traballo real sobre a intensificación do uso do galego e que, na práctica, o cumprimento da norma non é real, pero os dereitos xa estipulados teñen que cumprirse. Pide que se obrigue ao profesorado a dar a opción de facer os exames en galego, porque hai que garantir o dereito a aprender en galego e a docencia neste idioma, na realidade, é ínfima. Se a Universidade non incide no uso do galego, vai repercutir en que a sociedade deixe de usalo. Opina que tódolos membros teñen o deber moral de incentivar o uso do galego, polo menos nunha porcentaxe igual á que se fala na sociedade para, polo menos, non desincentivalo.

Tanto o reitor como o director da Área de Normalización Lingüística opinan que se está a traballar moito e ben no uso de galego, e concordan en que hai que incentivalo para que todo o mundo exerza esa obriga moral. O reitor pide o apoio á moción, que se aproba.

Punto 10. Posicionamento do Claustro para promover na Universidade de Vigo a recuperación das figuras femininas na ciencia e na cultura.

O reitor informa de que é unha proposta feita polo sector de estudantes. Di que a directora da Unidade de Igualdade non pode estar presente e lee un comunicado que esta elaborou sobre o mesmo. Intervén o profesor Pou Saracho para pedir que non se esquezan ás mulleres que se dedican á tecnoloxía. O reitor contesta de que se está a falar de ciencia nun sentido amplo, no que están incluídos tódolos ámbitos.

Punto 11. Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:

- a. Sector Decanos-as/Directores-as: 2
- b. Sector Estudantes: 1

Sector Decanos/as ou Directores/as. Número total de votos: 60. Votos bancos: 5. Votos nulos: 1. Cuiñas Gómez, Iñigo: 33; Pita Grandal, Ana María: 10; Tellado González, Fernando: 11. Polo que saen elixidos Cuiñas Gómez, Iñigo e Tellado González, Fernando.

Sector Estudantes queda elixido Luis González Varela (candidato único).

Punto 12. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

- a. Sector PDI-A: 2
- b. Sector PDI-B: 2

Sector PDI-A. Número total de votos: 36. Votos brancos: 4. Votos nulos: 0. Amigo Dobaño, Lucy: 21; Sánchez Moreiras, Adela M: 21. Ao non acadar ningunha das dúas candidatas os 2/3 dos votos queda vacante.

Sector PDI-B. Número total de votos: 7. Votos brancos: 3. Votos nulos: 0. Ricoy Casas, Rosa María: 4. Ao non acadar a candidata os 2/3 dos votos queda vacante.

Punto 13. Elección dos seguintes representantes na Comisión Electoral:

- a. Sector Estudantes: 1

Queda elixido Luis González Varela, por ser candidato único.

Punto 14. Rogos e preguntas.

O estudante Alexandre Louzao pregunta por que opoñerse a unha única gran universidade galega. O reitor dille que é mellor que non figure na acta o seu rogo, porque o que está pedindo é que a universidade se extinga. Di que hai un lobby creado para facer pensar que os problemas dunha universidade é que existan as demais; que é moi frívolo e pouco meditado propoñer estas cuestións e que non vai ser este reitor o que abra ese debate cando temos demostrado que podemos ser unha boa universidade, de feito, somos unha das mellores do mundo. Galicia ten 250.000 habitantes máis que Castilla y León, que ten 9 universidades. O ensino universitario público é unha responsabilidade social. O profesor Rodríguez Gallardo solicita de novo como no Claustro anterior información sobre o funcionamento das comisións de reclamacións, xa que non recibiu resposta, e solicita engadir á acta un informe feito por algúns/algunhas membros da comunidade universitaria sobre o uso das listas de correo da comunidade (**Anexo V**) e rógalle ao reitor que lea con atención a normativa do 2006 e, especialmente, os artigos 3.2, 3.4, 3.5 e 4. Solicita que conste en acta os nomes das persoas que foron responsábeis dese informe e do proceso de denuncia dese comportamento machista e vexatorio que se viña producindo nas listas de correo da Universidade, e que son: “a máxima especialista en represión feminina na Galiza, Victoria Martins, a feminista real e dunha peza Adela Sánchez Moreiras, e a PAS Rita Velasco”. Súmase ao rogo do presidente do Tribunal de Garantías de que non se demoren as melloras nas respostas, e lembra que nas liñas xerais de planificación plurianual se cita a Lei de transparencia. O reitor resposta que hai un portal de transparencia, pero que intentarán atender todos os seus rogos.

A profesora Adela Sánchez pregunta sobre a convocatoria dos complementos autonómicos do ano 2014, que aínda non saíu, e prega que se consideren positivamente as peticións de intervención no Claustro á xente afectada polos temas a tratar, que case de xeito sistemático reciben a negativa para participar. O reitor di que

se vai elevar a pregunta sobre os complementos á Xunta de Galicia e di que só se lle vai dar voz a xente que se vai ver afectada por un asunto que se vai aprobar. Se alguén quere desenvolver unha cuestión ten que facer unha intervención a través dos/as representantes ou promover unha moción específica, que el mesmo non ten problema en ler se non se senten representados/as polos/as seus/súas representantes.

O estudante Álvarez Moreira intervén para facer unha batería de preguntas que entrega como anexo a esta acta (**Anexo VI**). O reitor resposta que contestarase por escrito ás súas preguntas.

O estudante Adrián Fernández intervén para solicitar que en vindeiros anos se pense en facer o Claustro antes ou despois, para non coincidir cos exames.

O estudante Brais Fortes solicita que a vindeira vez que a sesión do Claustro se realice fóra de Vigo, o bus pare tamén no centro de Vigo. Pregunta sobre o plan de transporte interurbano nas zonas limítrofes co Campus de Vigo, xa que ía no programa electoral deste equipo de goberno e aínda non se sabe nada. Pide tamén que se produza un debate sobre a universidade única, porque é interesante para toda a comunidade. O reitor resposta que vai trasladar aos concellos os rogos feitos sobre o transporte á Universidade, pero que ata o de agora os concellos non querían porque din que non existe demanda. Sobre o debate dunha universidade única di que non se vai abrir nun órgano colexiado, porque el, como reitor, non vai favorecer o suicidio da Universidade de Vigo. Pasaralle a información para que teñan fundamentos de xuízo, pero non vai fomentar ese debate.

O estudante González Varela agradece a asistencia ao primeiro Claustro que se fai no Campus de Ourense. Agradece tamén o traballo feito polo Tribunal de Garantías e pídelle que teña un papel máis activo na aplicación das normativas. Solicita do reitor un compromiso sobre a aplicación da nova normativa de permanencia, para paliar os efectos da mesma ao curso que vén e os que queden ata a aprobación dunha nova; e lembra que o dereito a asistir a unha avaliación continua é un dereito de todo o alumnado, non unha obriga. Por último, opina que o debate sobre a universidade única é lexítimo. O reitor responde que o acordo sobre a normativa de permanencia xa está feito e será enviado nos próximos días.

Intervén de novo o profesor Rodríguez Gallardo para solicitarlle ao reitor que deixe intervir no Claustro á xente interesada en facelo, aínda que non sexan claustrais, co fin de facer o Claustro máis dinámico e accesible á comunidade universitaria.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 16:45 h do día 1 de xullo de 2015, da que eu como secretaria, por ausencia da secretaria xeral, dona Gloria M. Pena Uris, dou fe co vº. e pr. do reitor.

O reitor



UNIVERSIDADE DE VIGO

Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral

P.A. Adela M. Sánchez Moreiras